

# ARRO DE VIGO

## FICHA ARTÍSTICA

**ELENCO:** Venus Silva, César Grande, Mardelay Silva, Luís Yepes, Carlos Yepes, Javier García, Estiven Páez, Stiven Hincapié, Darwin Valencia

**DIRECCIÓN:** Venus Silva e César Grande

**XÉNEROS:** pasarrúas, acrobacias

60' FAMILIAR



# TCHYMINIGAGUA SUEÑOS ENCANTADOS

## A COMPAÑÍA

Fundada en 1985 en Bogotá (Colombia), a Fundación Teatral Tchyminigagua persegue “traballo, coñecemento e identidade”, elaborando unha linguaxe teatral “para vivir e compartir unha misión cultural, social e política”. Un equipo humano estable formado no seo do grupo encárgase de producir as súas creacións, integrando profesionais da escritura, a dirección, a interpretación, as acrobacias, a danza ou a música que fortalecen a técnica teatral Tchyminigagua: “Forza, ritmo e enerxía, unha linguaxe acrobática, teatral e circense propia”. A súa labor artística e o seu traballo pola memoria dende o compromiso político fíxolles gañar o recoñecemento internacional, celebrando a súa dramaturxia, música, colorido ou maquillaxes e a súa invención, patentada a nivel mundial, dos zancos en patíns. Cultura popular de transformación social.

## O ESPECTÁCULO

Espectáculo emblemático do teatro colombiano, con técnica acrobática e circense. Estreado en 1990, acadou as 3500 funcións dende entón, e segue con sorprendente vixencia plena en festivais, eventos artísticos e culturais a nivel mundial. Enerxía, colorido, zancos e zancos sobre patíns, música, coreografías... Esta obra de Tchyminigagua traenos imaxes de festa e entroido, a través dunha nena que nos fai soñar con encantamentos fantásticos de alegría, paz e vida.



INFO



VÍDEO

CULTURACTIVA